

Resolución do 30 de novembro de 2022 da Dirección Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca para o curso 2022/2023 o programa denominado *Bibliotecas Escolares Solidarias*, integrado no PLAN LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe) de bibliotecas escolares, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A formación do alumnado en actitudes solidarias e de compromiso co seu entorno máis próximo, pero tamén co mundo no que vive e coa sociedade na que está integrado, pode facerse desde varios ámbitos (a ecoloxía e o medio ambiente, a saúde, a mediación para a convivencia, a coeducación, a igualdade, a implicación na cultura de Paz ou de defensa dos Dereitos Humanos, a educación en valores en xeral), sendo o ámbito da biblioteca e da lectura, unha posibilidade ao alcance de todos os centros que contan cunha biblioteca activa como espazo de lectura e centro creativo das aprendizaxes.

As novas bibliotecas están a transformarse en espazos de encontro entre os distintos sectores da comunidade escolar, en lugares de intercambio de información e de construción de coñecemento, a través dunha variedade de actividades que poñen o enfoque, cada vez máis, nesa experiencia compartida de lectura. Os recursos dos que dispoñen, de maneira física ou virtual, alcanzan, a través das actividades programadas, a un importante número de persoas de diferente idade, nivel de formación, intereses, orixe socioeconómica ou sensibilidade. Na situación sanitaria actual, as bibliotecas escolares están demostrando o seu potencial como conector de toda a comunidade educativa.

Unha das funcións máis importantes da biblioteca escolar é a de axudar a paliar as desigualdades no acceso aos recursos culturais e de acceso ao coñecemento, poñendo a disposición de todo o alumnado, independentemente da súa situación socioeconómica, todas as ferramentas precisas para avanzar na súa formación como lector crítico e como usuario e produtor de información, competencias clave na actual sociedade da información. Fóra da súa mera existencia e da difusión dos recursos dispoñibles, cómpre o deseño de actividades que decididamente contribúan a un uso cotián destes instrumentos culturais por parte do alumnado que máis o precisa. Neste curso 2022-2023 será clave tamén o papel da biblioteca á hora de identificar necesidades materiais e de formación en materia de acceso, uso e tratamento da información entre os distintos sectores da comunidade educativa para poder contribuír, na medida do posible, a que ninguén fiquen atrás no seu proceso de aprendizaxe.

As bibliotecas escolares dos centros de ensino non universitario, nomeadamente aquelas que están integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares, contan nunha porcentaxe importante con grupos de colaboradores que de forma voluntaria participan na xestión e organización da biblioteca, así como en actividades de extensión cultural ou de formación de usuarios, contribuíndo así a que a biblioteca sexa un espazo compartido de convivencia e de aprendizaxe. Obsérvase tamén como tendencia en alza



a incorporación de nais e pais como colaboradores da biblioteca, ben directamente na xestión, ben na organización e desenvolvemento de actividades de fomento da lectura: contacontos, teatro, lecturas compartidas e outras accións de apoio aos proxectos de investigación nos que se involucra o centro como charlas e outras.

Co fin de recoñecer esta contribución ao bo funcionamento dun ben común como é a biblioteca escolar, e o traballo realizado por alumnado, profesorado e familias en beneficio da lectura, nun exercicio da cidadanía activa e solidaria, agrúpanse nun só programa denominado *Bibliotecas Escolares Solidarias*, varias iniciativas de voluntariado cultural relacionado coas bibliotecas e a lectura, tendo como referencia, ademais, o papel da biblioteca como espazo de convivencia e de compensación de desigualdades.

O Plan LÍA de Bibliotecas Escolares, da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pretende, no período 2021-2025, reforzar as bibliotecas escolares como espazos para o desenvolvemento persoal, social e cultural de todo o alumnado e das comunidades educativas no seu conxunto, incidindo nun enfoque inclusivo e na potencialidade da biblioteca escolar como factor de compensación social e de equidade, promovendo a participación activa do alumnado, e a presenza das familias. Un dos obxectivos concretos é continuar o programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar e outras iniciativas integradas en Bibliotecas Escolares Solidarias como oportunidades para o desenvolvemento persoal, social e cultural do propio alumnado, mediante a súa participación activa, que enriquece a realidade dos centros escolares. Así pois, Bibliotecas Escolares Solidarias responde aos obxectivos do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares e conta coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social, onde se integra como un programa de voluntariado cultural, na liña doutras actuacións xa existentes entre as dúas consellerías.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección Xeral,

DISPÓN:

Apartado 1. Obxecto

1. Estimular o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura entre o alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias, nos centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e recoñecer os esforzos das comunidades educativas por conformar bibliotecas escolares inclusivas, que axuden a paliar as desigualdades no acceso ao coñecemento e ao uso dos recursos culturais e de aprendizaxe, por calquera das causas posibles.
2. Recoñecer bibliotecas que traballan de forma salientable a compensación de



desigualdades e fomentan o voluntariado cultural entre os integrantes da comunidade escolar.

3. Recoñecer as horas de voluntariado na biblioteca escolar, para o alumnado colaborador, mediante a emisión de diplomas de acción voluntaria correspondentes na modalidade de Voluntariado na biblioteca escolar Secundaria e outras ensinanzas.
4. Estimular o voluntariado cultural relacionado coa biblioteca e a lectura modalidade de Voluntariado na biblioteca escolar Primaria.
5. As accións incluídas neste programa, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, van destinadas aos centros públicos, de nivel non universitario e de titularidade desta consellería. Este programa intégrase como iniciativa de voluntariado nos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dependente da Consellería de Política Social.

Apartado 2. Modalidades e ámbito de aplicación

1. **Selo Biblioteca Escolar Solidaria:** Poderán solicitar este recoñecemento as bibliotecas dos centros das etapas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato, ciclos formativos ou ensinanzas de réxime especial. Seleccionarase un máximo de **15 centros** para a concesión do selo. As candidaturas reflectirán enfoque da planificación da biblioteca solidaria sobre problemas reais que afectan á comunidade educativa, e que se pode orientar arredor dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable.
 - a) Valoraranse a promoción de valores como a xustiza e a solidariedade, a compensación de desigualdades, a atención ás necesidades en materia de lectura e de acceso á información do alumnado e as familias que máis o precisan, por carecer de biblioteca familiar ou estar afastados doutros centros culturais (bibliotecas públicas municipais ou outras).
 - b) Deberán contar cun equipo de colaboradores, formado por alumnado voluntario que se comprometa anualmente a realizar unha serie de tarefas en relación coa biblioteca e o desenvolvemento de actividades de fomento da lectura ou de formación de usuarios, entre outras.
 - c) Tamén se valorará o compromiso das familias voluntarias que colaboren na xestión e dinamización da biblioteca escolar, grupos de pais, nais ou outros membros da familia, organizados como "familias colaboradoras da biblioteca", deseñando e desenvolvendo actividades concretas de apoio á biblioteca e de lectura compartida, de estímulo ao alumnado con necesidades específicas de atención educativa.



2. **Voluntariado na biblioteca escolar Secundaria e outras ensinanzas:** Poderán solicitar este recoñecemento as bibliotecas dos centros de Educación Secundaria, Bacharelato, ciclos formativos ou ensinanzas de réxime especial.
- a) Os centros solicitantes contarán con grupos formalizados de alumnado colaborador que verá recoñecido o seu labor mediante un diploma, no caso dos menores de idade, ou un certificado de horas de voluntariado na biblioteca escolar para maiores de idade.
 - b) Esta iniciativa pretende favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade entre o alumnado galego, especialmente no ámbito cultural, que poderá materializarse en actividades de colaboración relacionadas coa biblioteca escolar ou a través de actividades de lectura compartida ou de traballo coa información, organizadas pola biblioteca, dentro ou fóra do centro.
 - c) Estas actividades deberán contribuír á educar ao alumnado para a solidariedade e poderán orientarse en liña cos obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable.
3. **Voluntariado de lectura Primaria:** Poderán solicitar este recoñecemento as bibliotecas dos centros de Educación Primaria para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria. Seleccionaranse un máximo de **10 experiencias** que poidan encaixar nunha das seguintes categorías:
- a) **Colaboración coa biblioteca escolar:** o alumnado forma parte do equipo de colaboradores que xunto co profesorado, e baixo a súa supervisión, contribúen ao bo funcionamento biblioteca do centro e ao desenvolvemento das súas iniciativas. Esta modalidade é obrigatoria para todos os centros participantes.
 - b) **Ler con... D** (*lecturas compartidas dentro do centro*): o alumnado participa no deseño e organización de actividades de acompañamento na lectura a outros compañeiros ou compañeiras, dentro ou fóra do horario lectivo (os denominados "apadriñamentos/amadriñamentos lectores", "titorización lectora", "lecturas compartidas" ou outras). Mentres a situación sanitaria o esixa, deberán contemplarse as medidas de seguridade recollidas nos protocolos do centro.
 - c) **Ler con... F** (*lecturas compartidas fóra do centro*): o alumnado participa no deseño e organización de actividades de acompañamento na lectura a outros nenos e nenas, doutros centros educativos, incluídas as escolas infantís; lectura a anciáns nas residencias de maiores; lectura a enfermos nos hospitais etc. Poden incluírse neste apartado actividades nas que o alumnado teña unha participación activa na organización e desenvolvemento de actividades de lectura pública na parroquia, a vila ou o barrio. Poderán realizarse tamén xunto con outros nenos e nenas doutros centros, a biblioteca pública ou outras institucións do concello, con



carácter esporádico ou periódico. Obviamente, mentres a situación sanitaria o esixa, deberán contemplarse as medidas recollidas nos protocolos Covid e limitar este tipo de actividades a situacións de total seguridade; deberán explorarse posibilidades como as videoconferencias para este tipo de encontros, como alternativa. A potencialidade educativa e de creación de vínculos de comunidade deste tipo de actividades aconsella non eliminarlas se non é imprescindible.

Apartado 3. Prazo, procedemento de solicitude e documentación requirida

1. O prazo de presentación de solicitude das modalidades 2 e 3 establecidas no apartado 2 será de quince días naturais a partir do día seguinte da data da publicación no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).
Para a modalidade 1 do apartado 2, o prazo será do 28 de marzo ao 28 de abril de 2023.

Os centros interesados que cumpran as condicións desta convocatoria e soliciten algunha das modalidades, deberán presentar a solicitude xunto a documentación complementaria na aplicación: <https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>

A persoa responsable da dirección do centro, será quen ten o permiso de creación e presentación da solicitude na aplicación informática.

2. Documentación requirida:

Para Voluntariado na biblioteca escolar Secundaria e outras ensinanzas a documentación aportada será a seguinte:

- Certificación da dirección conforme as actividades están integradas na programación anual da biblioteca e coordinadas polo equipo responsable dela.
- Certificación da dirección conforme o Consello Escolar (ou no seu caso, o Consello Social), está informado e aprobou a participación do centro no programa "Voluntariado na biblioteca escolar" no presente curso 2022/2023, ou certificación conforme figura na Programación Xeral Anual onde conste a data da súa aprobación.

Para Voluntariado na biblioteca escolar Primaria a documentación que se achega xunto a solicitude será a seguinte:

- Certificación da dirección conforme as actividades están integradas na programación anual da biblioteca e coordinadas polo equipo responsable dela.
- Certificación da dirección conforme o Consello Escolar do Centro está informado sobre a participación do centro nesta convocatoria.

Para a modalidade Selo Biblioteca Escolar Solidaria requirírase esta documentación



xunto a solicitude:

- Certificación da dirección conforme as actividades están integradas na programación anual da biblioteca e coordinadas polo equipo responsable dela.
- Memoria de actividades (segundo se establece no apartado 4)

Apartado 4. Memoria

Os centros participantes deberán presentar a memoria da modalidade **Selo de Biblioteca Escolar Solidaria e/ou Voluntariado de lectura Primaria** dende o 28 de marzo ata o 28 de abril de 2023 na aplicación <https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>.

No caso da modalidade **Voluntariado de lectura Primaria** e co fin de optar á selección de centros galardoados polas súas actividades, a devandita memoria deberá recoller as actividades deseñadas e realizadas pola biblioteca do centro, que se encadren no ámbito do voluntariado de lectura, e nas que estivese directamente implicado alumnado dos dous últimos cursos de ensino primario, acorde cos datos reflectidos na solicitude de inscrición (categoría e breve descrición).

Para a elaboración da memoria existirá un modelo dispoñible na propia aplicación. Esta memoria poderá completarse enviando ata un máximo de 6 imaxes en formato JPG cun peso total de 2 mb. A memoria estará asinada pola persoa coordinadora e visada pola dirección do centro.

Os arquivos correspondentes a esta memoria final deberán subirse en formato PDF a aplicación (<https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>).

Apartado 5. Emisión de diplomas voluntariado e compromisos de colaboración

Para a emisión dos diplomas de acción voluntaria na biblioteca escolar no caso de Secundaria e outras ensinanzas, así como para constar o compromiso adquirido en Secundaria e Primaria, os centros interesados deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1. Voluntariado na biblioteca escolar Secundaria e outras ensinanzas:** o alumnado participante asinará un compromiso de colaboración segundo o modelo do Anexo I. No caso dos menores de idade, deberán contar coa autorización específica de seus pais ou titores legais. Desde a biblioteca escolar realizarase un seguimento das actividades nas que o alumnado colaborador participa :nº de horas por curso escolar e relación de actividades. Deberán realizar un mínimo de 15 horas de voluntariado na biblioteca por curso escolar para poder optar ao seu recoñecemento. O máximo recoñecible será de 30 horas anuais.



Con data límite do 28 de abril de 2023, desde a dirección do centro remitirase a esta dirección xeral a través da aplicación <https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>, unha relación definitiva do alumnado colaborador, con indicación de:

- nome
- apelidos
- DNI
- data de nacemento
- nº de horas de voluntariado realizadas na biblioteca escolar
- breve relación das actividades desenvolvidas

Os orixinais dos compromisos de colaboración asinados no seu momento polo/a alumno/a e a persoa responsable da biblioteca escolar (Anexo I) poderán subirse nun só ficheiro PDF a través do enderezo anterior.

Revisada esta información, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado depositará as experiencias das persoas voluntarias no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia e emitirá os diplomas de acción voluntaria correspondentes.

2. Voluntariado de lectura Primaria: indicarse na solicitude o número aproximado de alumnos e alumnas que participarán activamente no deseño, xestión e desenvolvemento das actividades obxecto desta convocatoria pero non os destinatarios, así como o profesorado directamente implicado; tamén a categoría na que se pretende traballar.

O alumnado que colabore coa biblioteca escolar na categoría A ou que participe nas categorías B e C asinará un compromiso de colaboración segundo o modelo que se achega como Anexo II. Deberán contar coa autorización específica de seus pais ou representantes legais. Este contrato arquivarase no centro e estará dispoñible a solicitude do seguimento do programa pola Asesoría de Bibliotecas Escolares.

Os orixinais dos compromisos de colaboración asinados no seu momento polo/a alumno/a e a persoa responsable da biblioteca escolar quedarán custodiados no centro educativo.

Apartado 6. Comisión de valoración

Para a concesión do **Selo de Biblioteca Escolar Solidaria** e a selección de 10 experiencias de **Voluntariado de lectura Primaria** a comisión de valoración terá a seguinte composición baixo a presidencia da Subdirectora Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue:

- A Subdirectora Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.



- A persoa titular da Xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.
- As persoas asesoras responsables da Asesoría de Bibliotecas Escolares, unha delas fará as funcións de secretaria.

Apartado 7. Resolución Provisional

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional de centros adheridos para as modalidades 2 e 3 do apartado 2, antes do 31/12/2022. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería <http://www.edu.xunta.gal/portal/>
2. Logo da publicación da resolución provisional abrírase un prazo de 3 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión. As reclamacións ou renuncias dirixiranse á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia <http://sede.xunta.gal> a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "**Bibliotecas Escolares Solidarias**". Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 <http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>

Apartado 8. Resolución definitiva

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros participantes, tanto de nova incorporación como de continuidade.
2. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



- O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 9. Difusión das experiencias

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons CC BY-NC-SA



Creative Commons CC BY-NC-SA

Permítese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do programa ***Bibliotecas Escolares Solidarias*** nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coa utilización do logo do programa, que deben descargar no enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=selo>

Apartado 10. Resolución complementaria

En función das inscricións recibidas concretarase o deseño desta iniciativa no mes de febreiro de 2023, mediante a publicación dunha resolución complementaria. Nesta resolución concretaranse as condicións de selección de ata 15 centros para o Selo de Biblioteca Escolar Solidaria e ata un máximo de 10 experiencias para Voluntariado de lectura Primaria (con detalle do número de centros galardoados polas súas actividades, contía de asignación prevista para a realización de obradoiros nos centros premiados e tipoloxía destes obradoiros). Un centro non poderá ser seleccionado en dous anos consecutivos.

Disposición adicional única. Información básica sobre protección de datos persoais

- Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.
- O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>



3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela

A Directora Xeral De Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa



ANEXO I – VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA ESCOLAR

(Educación Secundaria e outras)

Acordo de colaboración entre o alumnado voluntario e a biblioteca escolar

| | |
|--|-----------|
| Nome do Centro | Código |
| Enderezo | |
| Concello | Provincia |
| Pola BIBLIOTECA ESCOLAR | |
| Nome e apelidos: ----- | |
| ALUMNO/A VOLUNTARIO/A | |
| Nome e apelidos: ----- | |
| DNI/NIF: _____ Data de nacemento _____ | |
| Curso/Nivel no curso 2022/2023: _____ | |
| <p>Ámbalas dúas partes asinan este ACORDO DE COLABORACIÓN en relación coas actividades de voluntariado cultural na biblioteca escolar. A tal fin MANIFESTAN:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A biblioteca escolar do centro adhiúrese ao programa "Bibliotecas Escolares Solidarias" da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, en colaboración coa Consellería de Política Social (D.X. de Xuventude, Participación e Voluntariado), na iniciativa "VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA ESCOLAR". 2. Esta actividade está incluída na súa programación anual, e nela pode participar o alumnado matriculado no centro, interesado en realizar labores de voluntariado e traballo en beneficio da comunidade. Esta iniciativa pretende favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade, así como fortalecer as competencias en materia de comunicación lingüística e de autonomía e iniciativa persoal, de aprender a aprender, de competencia dixital e tratamento da información, entre outras. 3. O/A alumno/a voluntario/a está interesado en colaborar de maneira altruísta no deseño e organización de actividades nas que sexa posible a colaboración voluntaria de alumnado, así como en tarefas de xestión e dinamización da biblioteca escolar, supervisadas polo profesorado do Equipo de Biblioteca. 4. Para formalizar este compromiso que ámbalas dúas partes queren establecer, dando cumprimento ao disposto no artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria (DOG núm. 242, do 21 de decembro), que é polo que se rexe o dito acordo de colaboración: | |



| |
|---|
| CLÁUSULAS |
| Primeira. Carácter altruísta da colaboración |
| A colaboración do alumnado coa biblioteca escolar ten carácter totalmente altruísta. |
| Segunda. Dereitos e deberes da persoa voluntaria |
| <p>O alumnado voluntario ten os seguintes dereitos:</p> <ol style="list-style-type: none"> Recibir a formación necesaria e os medios que sexan precisos para a realización da actividade voluntaria. Dispoñer dunha acreditación que o identifique como alumnado voluntario. Participar activamente no deseño, realización e avaliación das actividades nas que colabore. Acordar coa persoa responsable da biblioteca escolar o horario de dedicación, a definición das tarefas a realizar e outras características da actividade na que vai colaborar. Recibir diploma ou certificado acreditativo da súa participación en actividades de voluntariado na biblioteca escolar. Renunciar libremente, logo de aviso, á súa condición de alumno/a voluntario/a. <p>O alumnado voluntario ten as seguintes obrigas:</p> <ol style="list-style-type: none"> Realizar as súas actividades de colaboración segundo o acordado co profesorado do Equipo de biblioteca do centro. Actuar de forma responsable, eficaz e solidaria na realización das actividades encomendadas, de acordo coas normas e as indicacións do profesorado da biblioteca escolar. Participar nas actividades formativas que se organicen para o alumnado colaborador. Respectar os dereitos do resto do alumnado e das demais persoas integrantes da comunidade escolar ou participantes nas actividades nas que colabora. Utilizar debidamente a identificación recibida como alumno/a colaborador/a. Coidar e facer bo uso dos materiais e recursos da biblioteca ou os que se poñan á súa disposición para o exercicio das actividades. Comunicar cun tempo prudencial a súa renuncia como alumnado colaborador da biblioteca. |
| Terceira. Deberes da biblioteca escolar |
| <ol style="list-style-type: none"> Incluír as actividades de voluntariado na biblioteca escolar na programación anual da biblioteca escolar e nos seus protocolos de actuación. Facilitar ao alumnado unha acreditación que o identifique como alumnado colaborador. Formar ao alumnado colaborador para o exercicio das funcións que lle correspondan. Facilitar a participación do alumnado colaborador no deseño e realización de accións previstas como actividades de voluntariado na biblioteca (xestión, fomento da lectura, tratamento da información...). Establecer un calendario que facilite a participación do alumnado colaborador ao longo do curso escolar. Realizar seguimento e acompañamento do alumnado na realización das actividades. Elevar á coordinación do programa (D.X. de Centros e RRHH), información sobre as horas de voluntariado realizadas, a efectos de certificación. |
| Cuarta. Contido das funcións e actividades do alumnado voluntario. |





O/a alumno/a voluntario/a prestará a súa colaboración nas seguintes actividades da biblioteca escolar:

1.

2.

3.

4.

5.

Quinta. Tempo de dedicación que se compromete a realizar o alumnado colaborado

O/a alumno/a voluntario prestará a súa colaboración durante _____ horas repartidas en _____ semanas do curso escolar.

Sexta. Duración do compromiso

O presente acordo terá unha duración dun ano escolar.

Poderá romperse por calquera das dúas partes, avisando con antelación suficiente.

De conformidade contido deste acordo, asínano ambas partes en

En _____ a _____ de _____ 20_____

Polo Equipo da Biblioteca

O/a alumno/a

Asdo.: _____

Asdo.: _____



ANEXO II – VOLUNTARIADO DE LECTURA PRIMARIA

Acordo de colaboración entre o alumnado voluntario e a biblioteca escolar¹

| | |
|---|-----------|
| Nome do Centro | Código |
| Enderezo | |
| Concello | Provincia |
| Pola BIBLIOTECA ESCOLAR | |
| Nome e apelidos: ----- | |
| ALUMNO/A VOLUNTARIO/A | |
| Nome e apelidos: ----- | |
| DNI/NIF: ----- | |
| Curso: <input type="checkbox"/> 5º Educación Primaria <input type="checkbox"/> 6º Educación Primaria | |
| <p>Ámbalas dúas partes asinan este ACORDO DE COLABORACIÓN en relación coas actividades de voluntariado cultural na biblioteca escolar. A tal fin MANIFESTAN:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A biblioteca escolar do centro adhírese ao programa “Bibliotecas Escolares Solidarias” da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, en colaboración coa Consellería de Política Social (D.X. de Xuventude, Participación e Voluntariado), na iniciativa “VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA ESCOLAR”. 2. O/A alumno/a voluntario/a está interesado en colaborar de maneira altruísta no deseño e organización de actividades nas que sexa posible a colaboración voluntaria de alumnado, así como en tarefas de xestión e dinamización da biblioteca escolar, supervisadas polo profesorado do Equipo de Biblioteca. 3. Para formalizar este compromiso que ámbalas dúas partes queren establecer, dando cumprimento ao disposto no artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria (DOG núm. 242, do 21 de decembro), que é polo que se rexe o dito acordo de colaboración: | |
| CLÁUSULAS | |
| Primeira. Carácter altruísta da colaboración | |
| A colaboración do alumnado coa biblioteca escolar ten carácter totalmente altruísta. | |

¹ *Este modelo poderá ser adaptado por cada biblioteca.*



Segunda. Dereitos e deberes da persoa voluntaria
O alumnado voluntario ten os seguintes dereitos:

- a) Recibir a formación necesaria e os medios que sexan precisos para a realización da actividade voluntaria.
- b) Dispoñer dunha acreditación que o identifique como alumnado voluntario.
- c) Participar activamente no deseño, realización e avaliación das actividades nas que colabore.
- d) Acordar coa persoa responsable da biblioteca escolar o horario de dedicación, a definición das tarefas a realizar e outras características da actividade na que vai colaborar.
- e) Recibir diploma ou certificado acreditativo da súa participación en actividades de voluntariado na biblioteca escolar.
- f) Renunciar libremente, logo de aviso, á súa condición de alumno/a voluntario/a.

O alumnado voluntario ten as seguintes obrigas:

- a) Realizar as súas actividades de colaboración segundo o acordado co profesorado do Equipo de biblioteca do centro.
- b) Actuar de forma responsable, eficaz e solidaria na realización das actividades encomendadas, de acordo coas normas e as indicacións do profesorado da biblioteca escolar.
- c) Participar nas actividades formativas que se organicen para o alumnado colaborador.
- d) Respetar os dereitos do resto do alumnado e das demais persoas integrantes da comunidade escolar ou participantes nas actividades nas que colabora.
- e) Utilizar debidamente a identificación recibida como alumno/a colaborador/a.
- f) Coidar e facer bo uso dos materiais e recursos da biblioteca ou os que se poñan á súa disposición para o exercicio das actividades.
- g) Comunicar cun tempo prudencial a súa renuncia como alumnado colaborador da biblioteca.

Terceira. Deberes da biblioteca escolar

- a) Incluír as actividades de voluntariado na biblioteca escolar na programación anual da biblioteca escolar e nos seus protocolos de actuación.
- b) Facilitar ao alumnado unha acreditación que o identifique como alumnado colaborador.
- c) Formar ao alumnado colaborador para o exercicio das funcións que lle correspondan.
- d) Facilitar a participación do alumnado colaborador no deseño e realización de accións previstas como actividades de voluntariado na biblioteca (xestión, fomento da lectura, tratamento da información...)
- e) Establecer un calendario que facilite a participación do alumnado colaborador ao longo do curso escolar.
- f) Realizar seguimento e acompañamento do alumnado na realización das actividades.
- g) Elevar á coordinación do programa (D.X. de Centros e RRHH), información sobre as horas de voluntariado realizadas, a efectos de certificación.

Cuarta. Contido das funcións e actividades do alumnado voluntario.


O/a alumno/a voluntario/a prestará a súa colaboración nas seguintes actividades da biblioteca escolar:

1.

2.

3.

4.

5.

Quinta. Tempo de dedicación que se compromete a realizar o alumnado colaborado

O/a alumno/a voluntario prestará a súa colaboración durante _____ horas repartidas en _____ semanas do curso escolar.

Sexta. Duración do compromiso

O presente acordo terá unha duración dun ano escolar.

Poderá romperse por calquera das dúas partes, avisando con antelación suficiente.

De conformidade contido deste acordo, asínano ambas partes en

En _____ a _____ de _____ 20_____

Polo Equipo de Biblioteca

O/a alumno/a

Asdo.: _____

Asdo.: _____

